

IES Fontexería

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

Nota proba: \_\_\_\_\_

### I. Cuestións curtas (4 puntos, 1 punto cada unha)

1. Explica o papel dos soviets na evolución política rusa entre febreiro e outubro de 1917. **(1 punto)**
2. Indica tres consecuencias do Tratado de Versalles para Alemaña. **(1 punto)**
3. Describe o impacto social da Gran Depresión nos EUA. **(1 punto)**
4. Expón os obxectivos fundamentais da política exterior nazi ata 1939. **(1 punto)**

### II. Análise de documentos (3 puntos)


#### Documento A: Mapa da expansión territorial xaponesa (1931–1942)

A1. Identifica o contexto histórico.

**(0,5 puntos)**

A2. Explica dous factores que impulsaron o expansionismo xaponés. **(1 punto)**

A3. Relaciona o mapa co estalido da guerra no Pacífico. **(1,5 puntos)**




## Documento B: Gráfico do Plan Marshall

B1. Describe o que mostra o gráfico. **(0,5 puntos)**

B2. Explica o obxectivo político e económico do Plan Marshall. **(1 punto)**

B3. Indica unha consecuencia para Europa Occidental. **(1,5 puntos)**



## III. Tema (3 puntos)

A formación dos bloques e as primeiras crises da Guerra Fría (1945–1962). (3 puntos)

**IES Fontexería**

**Nome e apelidos:** \_\_\_\_\_

**Curso:** \_\_\_\_\_

**Nota proba:** \_\_\_\_\_

### **I. Cuestións curtas (4 puntos)**

1. Define o concepto de “guerra civil” aplicado ao período 1918–1921 en Rusia. **(1 punto)**
2. Explica o significado de “hiperinflación” na República de Weimar. **(1 punto)**
3. Describe o New Deal e dous dos seus programas. **(1 punto)**
4. Expón as características do fascismo italiano na década de 1920. **(1 punto)**

### **II. Análise de documentos (3 puntos)**

#### **Documento A: Discurso de Churchill sobre o “Telón de Aceiro”**

Mentres visitaba os Estados Unidos, Winston Churchill (Primeiro Ministro de Gran Bretaña) pronunciou este discurso no que expuxo os seus pensamentos sobre os motivos da Unión Soviética trala Segunda Guerra Mundial. Nel, Churchill emprega por primeira vez o famoso termo "cortina de ferro".

"Dende Stettin, en Polonia, até Trieste, en Italia, unha cortina de ferro descendeu sobre o continente europeo. Detrás desa liña atópanse todas as grandes cidades dos antigos estados de Europa Central e Oriental. Varsovia, Berlín, Praga, Viena, Budapest, Belgrado, Bucarest e Sofía; todas estas cidades famosas e as poboacións ao seu redor están na esfera de influencia soviética, e todas están suxeitas a un crecente control por parte de Moscova (capital do goberno ruso).

Nun gran número de países de todo o mundo, están a establecerse partidos comunistas que traballan en completa obediencia ás directrices que reciben da Unión Soviética. Agás en Gran Bretaña e nos Estados Unidos, onde o comunismo está na súa infancia (un estado feble), os partidos comunistas son un perigo crecente para toda a civilización.

Non creo que a Rusia soviética desexe a guerra neste momento. O que os soviéticos desexan son os beneficios da guerra e a expansión ilimitada do seu poder e das súas ideas comunistas. Polo que vin dos nosos amigos e aliados rusos durante a guerra, estou convencido de que só admiran a forza e desprezan a debilidade, especialmente a debilidade militar.

Debemos ter a coraxe e a autoconfianza para manter os nosos propios métodos e ideas. En comparación con Occidente (América e os seus aliados), os soviéticos son aínda, con diferenza, a forza máis feble. Así, o éxito soviético dependerá realmente do unido que estea Occidente. Se permanecemos unidos, derrotarémolos."

Fonte: Winston Churchill, discurso no Westminster College, 5 de marzo de 1946

A1. Sitúa o documento no tempo e no espazo. **(0,5 puntos)**

A2. Resume as ideas principais. **(1 punto)**

A3. Relaciona o texto coa configuración do bloque occidental. **(1,5 puntos)**

## Documento B: Mapa sobre a independencia das colonias africanas

B1. Describe a información do mapa. (0,5 puntos)

B2. Explica dous factores que impulsaron a descolonización. (1 punto)

B3. Indica un conflito derivado deste proceso. (0,5 puntos)

### III. Tema (3 puntos)

A crise de 1929: causas estruturais, difusión e respostas internacionais. (3 puntos)



IES Fontexería

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Curso: \_\_\_\_\_

Nota proba: \_\_\_\_\_

### I. Cuestións curtas (4 puntos)

1. Explica a importancia da figura de Lenin na consolidación do poder bolxevique. **(1 punto)**
2. Describe a Sociedade de Nacións e os seus límites. **(1 punto)**
3. Indica tres efectos da crise do 29 na economía mundial. **(1 punto)**
4. Expón as características do nazismo como ideoloxía totalitaria. **(1 punto)**

### II. Análise de documentos (3 puntos)

#### Documento A: Fotografía da batalla de Stalingrado



- A1. Identifica o contexto. **(0,5 puntos)**
- A2. Explica a importancia estratéxica da batalla. **(1 punto)**
- A3. Relaciona o documento co xiro da guerra en Europa. **(1,5 puntos)**

## Documento B: Mapa da divisão de Coreia

B1. Describe o que representa o mapa.

(0,5 puntos)

B2. Explica as causas da guerra de

Coreia. (1 punto)

B3. Indica unha consecuencia global do conflito. (0,5 puntos)

### III. Tema (3 puntos)

O Terceiro Mundo: definición, características e problemas estruturais tras a descolonización. (3 puntos)



**IES Fontexería**

**Nome e apelidos:** \_\_\_\_\_

**Curso:** \_\_\_\_\_

**Nota proba:** \_\_\_\_\_

**I. Cuestións curtas (4 puntos)**

1. Explica a NEP e o seu obxectivo principal. **(1 punto)**
2. Describe a crise democrática da Europa de entreguerras. **(1 punto)**
3. Indica dous efectos da caída de Wall Street sobre América Latina. **(1 punto)**
4. Expón as características do militarismo xaponés. **(1 punto)**

**II. Análise de documentos (3 puntos)**

**Documento A: Texto sobre a Conferencia de Postdam**

**Conferencia de Potsdam. Xullo de 1945**

Os obxectivos da ocupación de Alemaña que o Consello de Control non deberá perder de vista son:

- I. O desarme completo e a desmilitarización completa de Alemaña, e a eliminación de todas as industrias alemás que poidan servir para a produción de guerra.
- II. A supresión do Partido Nacionalsocialista e das organizacións afiliadas ou que estean baixo o seu control, así como a disolución de todas as institucións nazis [...].
- III. A reconstrución da vida política alemá sobre unha base democrática e a eventual cooperación pacífica de Alemaña na vida internacional.
- IV. Os criminais de guerra e os individuos que participasen nos plans ou na execución das empresas nazis [...] tendentes ou conducentes a atrocidades ou crimes de guerra serán detidos e sometidos a xuízo [...].


**Berlín, comunicado do 2 de agosto de 1945** Extraído de Prats, J. (et alii) (2010): *Historia del Mundo Contemporáneo*, Anaya, Toledo.

A1. Sitúa o documento. **(0,5 puntos)**

A2. Resume os acordos principais. **(1 punto)**

A3. Relaciona o texto coa futura división de Europa. **(1,5 puntos)**

## Documento B: Gráfico sobre o crescimento demográfico em Índia



B1. Descreve o gráfico. **(0,5 pontos)**

B2. Explica un factor que explique o crecemento. **(1 punto)**

B3. Indica un problema derivado deste proceso. **(0,5 puntos)**

**III. Tema (3 puntos)**

**A Segunda Guerra Mundial: economía de guerra, mobilización e impacto social. (3 puntos)**



**IES Fontexería**

**Nome e apelidos:** \_\_\_\_\_

**Curso:** \_\_\_\_\_

**Nota proba:** \_\_\_\_\_

### I. Cuestións curtas (4 puntos)

1. Explica o papel da Cheka e da represión bolxevique. **(1 punto)**
2. Describe a crise dos anos 30 no Reino Unido ou Francia. **(1 punto)**
3. Expón o significado de “autarquía” nos réximes totalitarios. **(1 punto)**
4. Indica tres características do franquismo na súa etapa inicial. **(1 punto)**

### II. Análise de documentos (3 puntos)

#### Documento A: Caricatura sobre a política de apaciguamento

A1. Identifica o contexto. **(0,5 puntos)**

A2. Explica o significado da caricatura. **(1 punto)**

A3. Relaciona o documento co estalido da guerra. **(1,5 puntos)**



"Consiga aquí su "gorro-avestruz". Quita los dolores de cabeza "Hitler". Olvide las horribles noticias que usted ha leído. ¡Su mente se siente a gusto en una cabeza de avestruz!"

## Documento B: Mapa dos movementos de liberación nacional en Asia



B1. Describe o mapa. (0,5 puntos)

B2. Explica un caso de independencia asiática. (1 punto)

B3. Indica unha consecuencia xeopolítica. (0,5 puntos)

### III. Tema (3 puntos)

A evolución da Guerra Fría entre 1962 e 1985: distensión, crises e reactivación da tensión. (3 puntos)


**IES Fontexería****Nome e apelidos:** \_\_\_\_\_**Curso:** \_\_\_\_\_**Nota proba:** \_\_\_\_\_**I. Cuestións curtas (4 puntos)**

1. Explica o proceso que leva da Revolución de Febreiro á Revolución de Outubro. **(1 punto)**
2. Describe o ascenso do nazismo entre 1930 e 1933. **(1 punto)**
3. Indica tres consecuencias internacionais da crise do 29. **(1 punto)**
4. Expón as características da ONU no seu nacemento. **(1 punto)**

**II. Análise de documentos (3 puntos)****Documento A: Discurso de Truman sobre a “contención”**

...“Creo que debe ser política dos Estados Unidos apoiar aos pobos libres que resisten a tentativa de submisión por minorías armadas ou por presións exteriores.” ...“Os pobos libres do mundo agardan de nós apoio para manter as súas liberdades.” ...“Se vacilamos na nosa dirección, podemos poñer en perigo a paz do mundo —e certamente poñeremos en perigo o benestar desta nación.” ...

Discurso do Presidente Harry S. Truman. Antes unha sesión conxunta do Congreso, 12 de marzo de 1947

A1. Sitúa o documento. **(0,5 puntos)**A2. Resume a doutrina da contención. **(1 punto)**A3. Relaciona o texto coa política exterior estadounidense. **(1,5 puntos)****Documento B: Gráfico sobre o PIB do Terceiro Mundo (1950–1980)**

B1. Describe o gráfico. **(0,5 puntos)**

B2. Explica un factor que explique a evolución económica. **(1 punto)**

B3. Indica un problema estrutural persistente. **(0,5 puntos)**

### **III. Tema (3 puntos)**

**Os fascismos europeos: orixes, características comúns e diferenzas entre Italia e Alemaña. (3 puntos)**